



## **INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO DE ORDENACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE GARDACOSTAS DE GALICIA**

Visto o "Proxecto de decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia", en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

### **INFORME:**

#### **I. COBERTURA CONSTITUCIONAL E LEGAL**

O presente proxecto de decreto ten o seu fundamento competencial nos artigos 148.1.11 e 149.1.19 da Constitución Española. O artigo 148.1.11 establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en "materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura". Por outra parte, o artigo 149.1.19 outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre "a pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se atribúan ás Comunidades Autónomas".

Sobre a base de tal fundamento constitucional, o Estatuto de Autonomía para Galicia establece que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva sobre "a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura" (art. 27.15), e sobre "as confrarías de pescadores" (art. 27.29); así como o desenvolvemento



lexislativo e a execución da lexislación do Estado da materia "ordenación do sector pesqueiro" (art. 28.5). Así mesmo, correspóndelle o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado da materia "réxime xurídico da Administración Pública de Galicia e réxime estatutario dos seus funcionarios" (art. 28.1).

No exercicio destas competencias, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se creou o Servizo de Gardacostas de Galicia, configurado como un servizo público que, dentro das competencias atribuídas á Consellería do Mar, debe cumprir coas funcións de inspección e vixilancia pesqueira e coas de control do medio mariño, prevención e loita contra a contaminación mariña e salvamento marítimo, así como con aquelas outras que se lle poidan encomendar, atendendo, deste xeito, dunha forma eficaz as demandas do sector pesqueiro e marisqueiro nesta materia.

Esta Lei foi desenvolvida polo Decreto 157/2005, do 26 de maio, sobre ordenación e desenvolvemento do Servizo de Gardacostas de Galicia, partindo das tres escalas de funcionarios creadas pola Lei 2/2004, do 21 de abril: a escala técnica, a escala executiva e a escala de axentes.

A Lei 2/2004, do 21 de abril, foi modificada pola Lei 10/2010, do 11 de novembro, mediante a cal se creou unha nova escala, a escala operativa, coa finalidade, segundo o seu preámbulo, de delimitar máis claramente as funcións que ten que desempeñar o distinto persoal do Servizo de Gardacostas, previndo a súa disposición transitoria única a integración nesta escala:

“Na escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia, subgrupo C1, poderá integrarse o persoal funcionario actualmente pertencente á escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia, do mesmo subgrupo, que



á entrada en vigor da presente modificación lexislativa teña a titulación profesional esixida. A opción individual á dita integración deberá efectuarse mediante o procedemento e no prazo que regulamentariamente se determinen.”

## **II. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO**

Tal como se indica na memoria que acompaña ao presente proxecto normativo, en cumprimento do mandato lexislativo recollido na disposición derradeira primeira da Lei 2/2004, do 21 de abril, ditouse o Decreto 157/2005, do 26 de maio, sobre ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia, que respondía á necesidade dun tratamento específico en materia de persoal para os empregados públicos adscritos a este servizo, derivado sobre todo do réxime de traballo a quendas, das necesidades de dispoñibilidade, e da obriga de identificación, polo carácter de axente da autoridade, deste persoal. Pero outras cuestións non quedaban recollidas no citado decreto, como era a de establecer con precisión as funcións dos diferentes postos de traballo.

Ademais, a creación pola Lei 10/2010, do 11 de novembro, da escala operativa, fai necesario unha nova disposición que defina e concrete as funcións desta nova escala, e regule as condicións e o procedemento a seguir para a integración na dita escala do persoal funcionario pertencente á escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia, en cumprimento do disposto na disposición transitoria única da Lei 10/2010, do 11 de novembro. Esta integración rematará a ordenación do servizo e facilitará a carreira profesional do persoal implicado, permitíndolle optar a participar nos concursos de provisión de postos que se convoquen nesa escala.



O presente decreto persegue, ademais das finalidades anteditas, a de establecer unha estrutura xerárquica dentro do propio Servizo de Gardacostas de Galicia e precisar os cometidos de cada un dos postos de traballo dentro desa estrutura, especialmente durante o desenvolvemento de determinadas actuacións que exigen a concorrencia de persoal que, aínda pertencendo ao mesmo servizo, poden proceder de unidades operativas diferentes, así como tamén a de responder a situacións de cooperación deste persoal con outro persoal procedente de organismos alleos, como poden ser as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Policía Autonómica, Policía Local, Protección civil ou voluntariado.

### **III. ADECUACIÓN DA INICIATIVA NORMATIVA AOS PRINCIPIOS CONTIDOS NO ARTIGO 37.A) DA LEI 14/2013, DO 26 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO**

O artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece que en todas as iniciativas normativas xustificarase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia.

En relación ao principio de necesidade, xa se indicou anteriormente que a creación pola Lei 10/2010, de 11 de novembro, da escala operativa, fai necesaria unha nova disposición que defina e concrete as funcións desta nova escala, determinando a estrutura xerárquica dentro do propio Servizo de Gardacostas de Galicia e precisando os cometidos de cada un dos postos de traballo dentro desa estrutura. Por iso, se estima preciso a substitución da antiga norma por una nova disposición que englobe estas novas cuestións.



Cúmprese o principio de proporcionalidade, en canto que contén a regulación imprescindible para garantir a consecución dos obxectivos que se perseguen, xa que non existen medidas menos restritivas ou que ocasionen menos obrigas para obter o mesmo resultado.

En canto ao principio de seguridade xurídica, o proxecto de referencia enmarcase axeitadamente no ordenamento xurídico xa que responde, como se indica no informe da Asesoría Xurídica Xeral, ao desenvolvemento das previsións contidas nas Leis 2/2004 do 21 de abril 11/2008, do 3 de decembro, e 10/2010, do 11 de novembro.

En aplicación do principio de transparencia, o proxecto normativo foi accesible aos destinatarios da norma e á cidadanía a través da páxina web do portal de Transparencia e Goberno aberto, de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En relación ao principio de accesibilidade, deuse traslado do proxecto de decreto ás organizacións sindicais CCOO, CSIF, CIG e UXT; así mesmo foi obxecto de negociación na Comisión de Persoal da Xunta de Galicia.

De acordo co principio de simplicidade, o proxecto de decreto contempla un marco normativo claro que facilita o seu coñecemento e comprensión por parte dos seus destinatarios.

Por último, segundo o principio de eficacia, as propostas normativas deben partir dunha identificación clara dos fins perseguidos, establecendo uns obxectivos directos e evitando cargas innecesarias e accesorias para a



consecución deses obxectivos finais. Tal como se indicou anteriormente, o obxectivo do proxecto é levar a cabo a ordenación e regulación do funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia, sendo, en consecuencia, o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución.

### **III. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADO DOS MESMOS**

O proxecto de decreto elaborouse por iniciativa e impulso da Consellería do Mar, de conformidade co procedemento establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así, iniciouse a elaboración do texto, a proposta da Subdirección Xeral de Gardacostas, pola Secretaría Xeral Técnica, acompañado da memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade; a memoria económico-financieira e o informe do Servizo Técnico-Xurídico.

Unha vez rematada a fase inicial de elaboración, o texto aprobouse pola conselleira do Mar como proxecto de decreto.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o proxecto publicouse na páxina web do portal de Transparencia e Goberno aberto durante o período comprendido entre o 4 de abril de 2016 e o 1 de agosto de 2016, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Modernización das Administracións



Públicas do 6 de agosto de 2016, sen que se formularan observacións ao texto.

Para cumprir co trámite de audiencia previsto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, enviouse o proxecto de decreto ás organizacións sindicais CCOO, CSIF, CIG e UXT, quen formularon alegacións e suxestións co resultado indicado na memoria xustificativa.

Con data 14 de abril de 2016, a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o informe sobre impacto de xénero, formulando unha serie de recomendacións para incorporar a perspectiva de xénero no texto. Tales observacións introducíronse no texto en consonancia co indicado no informe.

Con data 11 de abril de 2016, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos informou favorablemente o proxecto de decreto ao non implicar un incremento do gasto público e por adaptarse ás disponibilidades orzamentarias vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con data 15 de abril de 2016, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa emitiu informe favorable.

O proxecto de decreto foi tratado na Mesa xeral de negociación de empregados públicos celebrada o día 4 de agosto de 2016.

Con data 8 de agosto de 2016 a Dirección Xeral de Función Pública informou favorablemente o texto do proxecto.





Na reunión celebrada o 9 de agosto de 2016, o proxecto de decreto foi aprobado pola Comisión de Persoal da Xunta de Galicia.

O proxecto tamén foi informado pola Asesoría Xurídica Xeral o 2 de marzo de 2017. A resultas do informe da Asesoría Xurídica Xeral, incorporáronse ao texto as observacións e recomendacións nel propostas co alcance indicado no informe da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia de data 20 de abril de 2017.

Así mesmo, de acordo co aconsellado pola Asesoría Xurídica Xeral, habida conta dos cambios que se tiveron que introducir na regulación do procedemento de integración contida no proxecto de decreto como consecuencia da entrada en vigor da Lei 39/22015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, este foi novamente informado de forma favorable o 30 de maio de 2017, de xeito conxunto, pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Por último, o proxecto deberá someterse ao ditame do Consello Consultivo de Galicia por tratarse dunha disposición ditada en execución e desenvolvemento de Lei, conforme o previsto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 10 de decembro, do Consello Consultivo de Galicia.

#### **IV. ESTRUCTURA E CONTIDO**

Este proxecto de decreto consta dun preámbulo e 39 artigos, estruturados en sete capítulos, co seguinte detalle:





## CAPÍTULO I. Disposicións xerais (arts. 1 e 2)

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Das relacións funcionais

## CAPÍTULO II. Organización e funcións do Servizo de Gardacostas de Galicia (arts. 3 a 9)

Artigo 3. Da estrutura

Artigo 4. Funcións do persoal do Servizo de Gardacostas de Galicia

Artigo 5. Escalas do Servizo de Gardacostas de Galicia

Artigo 6. Funcións do persoal que integra a escala técnica do Servizo de Gardacostas de Galicia

Artigo 7. Funcións do persoal que integra a escala executiva do Servizo de Gardacostas de Galicia

Artigo 8. Funcións do persoal que integra a escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia

Artigo 9. Funcións do persoal que integra a escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia

## CAPÍTULO III. Dos medios e identificación dos membros do Servizo de Gardacostas de Galicia (arts. 10 a 12)

Sección 1ª. Dos medios de inspección (art. 10)

Artigo 10. Da utilización de medios

Sección 2ª. Da identificación dos membros do Servizo de Gardacostas de Galicia (arts. 11 e 12)

Artigo 11. Da identificación



## Artigo 12. Dos elementos identificativos

### CAPÍTULO IV. Do réxime de actuación dos membros do Servizo de Gardacostas de Galicia (arts. 13 a 23)

#### Sección 1ª. Procedementos de actuación (art. 13)

#### Artigo 13. Tipos de procedementos de actuación

#### Sección 2ª. Procedementos de actuación (arts. 14 a 19)

#### Artigo 14. Das actuacións no exercicio da función inspectora

#### Artigo 15. Dos tipos de actuacións inspectoras

#### Artigo 16. Das visitas de inspección

#### Artigo 17. Das citacións

#### Artigo 18. Dos requirimentos

#### Artigo 19. Da colaboración

#### Sección 3ª. Da documentación das actuacións no exercicio da función inspectora (arts. 20 a 22)

#### Artigo 20. Dos tipos de documentos

#### Artigo 21. Das actas

#### Artigo 22. Informes

#### Sección 4ª. Actuacións no exercicio da funcións preventivas e paliativas (art. 23)

#### Artigo 23. Da función preventiva e paliativa

### CAPÍTULO V. Do réxime de traballo e das compensacións. Réxime disciplinario (arts. 24 a 26)



- Artigo 24. Do réxime de traballo
- Artigo 25. Das compensacións
- Artigo 26. Do réxime disciplinario

#### CAPÍTULO VI. Dos postos de traballo do Servizo de Gardacostas de Galicia (arts. 27 a 37)

- Artigo 27. Dos postos de traballo
- Artigo 28. Xefatura de Sección de Control e Vixilancia
- Artigo 29. Xefatura de Sección Técnica de Reparación e Mantemento
- Artigo 30. Xefatura de Sección de Seguridade Marítima
- Artigo 31. Xefatura da Sala de Operacións
- Artigo 32. Xefatura de unidade Operativa
- Artigo 33. Inspectores/as
- Artigo 34. Patrón/oa de embarcación
- Artigo 35. Subinspectores/as
- Artigo 36. Mecánicos/as de embarcacións
- Artigo 37. Vixilantes-mariñeiros/as

#### CAPÍTULO VII. Da segunda actividade (arts. 38 e 39)

- Artigo 38. Das especificidades retributivas da segunda actividade
- Artigo 39. Da porcentaxe de postos reservados á segunda actividade

Complétase o proxecto de decreto con dúas disposicións transitorias; a primeira, referida á integración do persoal da escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia na escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia, e a segunda, referida á participación nos concursos de traslados do persoal non integrado no Servizo de Gardacostas de



Galicia; unha disposición derogatoria, que afecta ao Decreto 157/2005, do 26 de maio, sobre ordenación e desenvolvemento do Servizo de Gardacostas de Galicia; e dúas disposicións derradeiras, a primeira referida á habilitación para o seu desenvolvemento normativo, e a segunda, á entrada en vigor.

Por último, o proxecto recolle un anexo que contempla o modelo de solicitude para participar no procedemento de integración na escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia.

De conformidade co anterior, tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente, polo que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o texto normativo proposto.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2017

A secretaria xeral técnica



María Isabel Concheiro Rodríguez-Segade